



LAR



RAFAEL FERNANDEZ CASAS

L O I T A

NUM 33

30 CENTIMOS



CAMILO DIAZ

L A R

leva publicado 32 novelas
orixinales dos melhores
escritores galegos

Número solto

30 céntimos

Suscripción a 6 números
1,60 ptas.

ADEMINISTRACION E IMPRENTA

REAL, 36 - 1.^o

A CRUÑA

L A R

REVISTA MENSUAL

DIREITOR: LEANDRO CARRÉ

ADMINISTRADOR: ANXEL CASAL

Ano 4

Maio de 1927

Núm. 33


L O I T A

NOVELA ORIXINAL E INÉDITA

P O R

Rafael Fernández Casas

(Portada de CAMILO DÍAZ)



IMPRENTA LAR

Real, 36 - 1.^o

A CRUÑA

R. 12306



A Imprenta LAR


CONFECCIONA TODA CRÁS DE
TRABALLOS TIPOGRÁFICOS



A NOSA TERRA

IDEARILIM DAS IRMANDADES DA FALA

Suscrición: na Península 6 pesetas, ao ano
América 8 pesetas.




Si vostede é escritor galego edite as
suas obras na

IMPRENTA LAR

REAL, 36 - 1.^o

A CRUÑA



L O I T A

1



OXILITRANCO,

pé de barranco,

na corredoira

todo s'esboira,

berraban con bôs folgos uns pícaros ao
sair da escola, vendo rubir pol-a con-
gostra un probe que adoitaba pedichar esmola nas
casiñas caridosas da parroquia, no intre que outros,
axuntándose, parolaban encol das derradeiras espi-
cacións do seor Mestre, e debatían sobre cal sería o
tema mellor á desenrolar no exercicio de redaición
que tiñan a obriganza de levar todol-os lus. Nesta
xuntanza aiopábase un picariño d'uns doce anos
que espoñía as suas razóns con desparpaxo propio
de home, e ao que lle daban moito crêto os demás
condiscípulos porque era moi apricado.

Non por entretidos na conversa s'esquecían de lle
botal-o ollo á congostra por se aparescía na suaboca
o coxilitranc, vello cotroso e desbarxuletado que
s'enrabuxaba co-eles cando lle alcumaban pondo ás
vegadas na coñecenza do seor Mestre a conduta dos
discípulos, ou, apricando outras a xusticia pol-a sua
mau, guindándolles a boa moca que lle facía de
compañeira nas camiñadas, ás pernas ou a onde
cadrara, cô que se aleaban moito. Ao ollaren pol-o
ar a moca - para eles endiañada, para él abogosa - ,

e ao probe do vello coxilitranquear na sua busca, fuxían como foguetes, tremándolles o corpo na mes-turanza de medo e ledicia.

De chan, na cima do camiño apareceu. A sua pre-senza foi saudada con unha choiva de berros, alcumes e gargalladas. Tamén estalaron no meio do xúbilo risadas cristaññas, furando cal agullas fírentes os débiles mantos do ár.

O xuntoiro no que se atopaba Martiño — que non outro era o nome do rapas de que denantes fala-mos —, diante a presenza do vello escomenzou a rebulire, o pícaro fitouno, seréo, aconsellando aos compañeiros que se deixasen estar; mais ao veren os xestos d'ameaza, e as olladas acesas que lles dirixía o probe, espello das non boas tencións que acobexaba aló nos adentros do maxín, fuxiron mais que de presa voando como paxaros, dispostos a seguir-a sorte dos demás e compartil-a sua festa.

Mesturados cos aldraxes caíron enriba del algúns cotillóns, e ante o medo de que se sucederan os croyos — que xa non eran cousa mol e lle podían abollal-a croca ou facerlle un teto —, entrhou botando lume pol-a boca e pol-os ollos, na primeira casa que viu, maldizoando aos pícaros, e non a quén-os parira por mor de que lle non suprimisen a esmola que lle acostumaban dar.

Os pícaros vendo a cuberto ao vello, espalláronse, algareiros, abrouxando a campía.

II

Fuxiran como lóstregos mais de catro anos.

Martiño iba cara os dezaseis, e facía uns días que o apricado rapás non pasaba pol-a escola por ato-parse doente o único achego da sua vida: seu pai.

Os precuros da cencia non foron d'abondo para facelo erguer do leito da dôr, no que finou,

D'alí a uns días voltou á escola sómente para se despedire do seor Escolante; pois, xa en edade, degoraba deixala, coidendo saíre para Madri a facer estudos maiores, nos que poñía moitas espranzas e non poucas nobres cobizas.

Constituiuse, como é adoito, Consello de Familia para ademinstiral-los bês herdados por Martiño.

Posio aquél d'asento cô pícaro, decidiu mandarlle a Madri case o importe das rentas dos bês para a axuda d'o sostêmento dos estudos que tiña menies de facere. Asina foi.

O rapas - cavilaba o Consello - , é formalíño e non hai perigo en lle mandar diñeiro: non o derrochará.

Martiño cavilaba que o que puideran rental-los bês non lle chegaria a merenda enteira, decatándose que a vida na Corte é moi diferente da que se fai na aldea; por eso puxo no celebro á par da idea do estudo a do traballo, como logo a fixo práitica.

Ao Consello de Familia lle non cabía dúbida que Martiño sería económico, estudoso, traballador, e non se deixaría envolver pol-a abafante atmósfera do vicio, e tamén, si era mester, apretaría un pouco a amarralla dos pantalóns procurando lle chegara o laco para o tacón, como dí o refrán.

Denantes que saíra Alborada, Martiño sortiría para o pobo, e había, como coidase é natural en tales casos, que aproveital-as poucas horas de vagar que xa quedaban, para parolare con algúns veciños e para espor diante o Consello tutelare os plás compretos do castelo das ilusións.

Saía da aldea con tristura; pero á ela pormetía voltare, e non esquecela xamais nas horas d'estudo e trafego que lle agardaban n-unha boa resta d'anros. aló: en Madri.

III

Vida na Corte.

Estudo e traballo: loita.

Trece anos.

- IV -

Xa moito denantes que unha muller ficase tesa trocada nunha estáutua de sal por ollar atrás - pol-o que contan historias vellas de pobos antigos, merecentes de mais ou menos creto - , a Cursíadade atopábase no mundo; pero non se me depergunte o por qué d'afacerse mellor no espírito das mulleres. Quixen cô dito axudare a dicir, que non ben se ouiu un ruxe-ruxe, - siñal certa de que se aveciñaba o demo, como os nosos aldeáns lle chamaban ao automóvil hasta fai pouco, e que eu nomearía *becho post-diluvian* - , todal-as picariñas que aquel dia de festa paseábanse espalladas pol-o camiño vecinal, feito de recén pol-o Concello despois de non poucas pedichas dos veciños, pertescentes por parte á mesma política, voltaron axiña a ollada deixando á presa

despexado o camiño. À veira del, e fora xa o medo á que unha roda do automóvil lles concipara un pé, desmigallábanse por coñecer a persoa que viña dentro.

Seguiu o auto o seu camiño e detívose á beira das casas mellores e d'aspeito mais limpo da feitiçreira parroquia de Veiga, que s'espella, sorrindo, nas franquías augas da morriñenta ria d'Ortigueira.

Do automóvil saiu un mozo lanzal, de cabelo crecho, faciana torrada e finocho de cara na que axeaban ao mundo uns ollos mouros, que vagaceiros ás veces, outras rebulían inquedos, desacougados, dentro dos buratos en que se alcontraban suxetos: ollos misteriosos enxendrados por Trunfo e Melancónia,

Pol-as roupas que traía enriba do lombo ben se deixaba adiviñar que chegaba do pobo.

Non hai para que dicire que inda que Martiño voltaba á aldea tan traxeado, non era por fachenda.

Certo é que d'ela saíra con zapatons e medias de lá, pantalóns verdosos a medio uso, chaqueta curta e estreita que lle fixera o mellor que soupo unha costureira, corbata rechamante e pruma no chapeu; pero dende entonces camiñaran algúns anos por riba del e da aldea, destruindo, remexendo e esfuracando os costumes e o meio ambiente, que son os que impoñen o xeito d'atráxarse.

El viña feito todo un señorito. A aldea iba camiño de se facere tamén señorita. Nela as muiñeiras riveiranas e bailes punteados deixáronlle o camiño ao danzón, mazurka, polka, vals, tango, fox, «pasito» e outros pol-o xeito que se levan nestes tempos, nos que se vai moi agarradiño e coas caras moi xuntiñas. ¡Quéñcese neles que dá... xenio!.

Morreua a zanfona.

A gaita alópase dando as boqueadas, suprantada

pol-o acordeón e as murgas.

Quizáis non esté lonxano o tempo que teñamos que asistir ao enterro da pandeireita, cónchegas, frauta,

A indumenta d'estopa froconse pol-a de fio branco e seda. ¿Quén tan atrasado que sementaba inda liño? Non era do seu tempo quén tal facía.

Nos paseos e festas xa se non vián zocas nin zocos, nin siquera zapatóns, senón zapatiños de curte baixo ou de tacón outo - asegún quén os usara -, mercados no pobo.

As pícaras segaron a trenza e o moño: puxeronse de cabelo curto.

Os pícaros peiteábanse ao Amadeo.

Guindouse o refaixo e o xustillo, e os homes fixeron outro tanto cô chapeu verde coa pruma.

O pano rodado e o dengue e mantelo eran unha bulra os levar.

A cachola descuperta. Sô para ir á misa se poñería a mantilla.

Pol-o inverno o gabán poñíase no canto da toca.

Estos ares que tan forte sopraban de fóra escarabellando, removendo e cambeando a vida e os costumes aldeáns, trouxeron tamén á aldea os cheiréntos polvos e fedenzas pinturas cós que as nosas garridas rapazas, por se asemellaren en todo ás nenas do pobo, s'enfariñan, sen decatárense que os seus vans esforzos coroáos o ridículo ao aparecer diante a ollada inquiridora dos forasteiros: pois non sendo mestras no arte de poñer polvos e côres jmiñas xoias!, a dôr que dá velas... É a tolura da aldea. As nosas espilidas e xeitosas rapazas non se decatan que lles eadra mellor a fermosura que a Natureza lles deu, ao natural, que non euspido nela eses mexurxes que o pobo, coñecendo o fraco femenino, adoita xa á lle ofrecére. A sabencia do pobo tén

unha influenza má - ollando por esta veira - , sobre da aldea: pero o exemplo pior, mais vergonoso, é o que dán moitos emigrados da Terriña que voltan aos seus lares falando castelán, e hasta mais, tendo á ménos falaren a linguaxe galega, e estimándoa como fala só propia para vacas. ¿A nosa lingua, harmoniosa, doce coma o mel, melancólica, melosiña e terna, que paréz foi baixada dun ceo ridente e azur por unha Fada bretemosa e cantareira envolveita na música baruda e melodiosa dun aturuxo e dun alalá mesturados?

Chegaba o noso persoaxe nin ren menos que da Corte da España d'estudar Cencias e Idiomas. Nos anos d'ausenza conquerira tamén unha benfadada feínica no arte de Rubens e Rafael, e sería ouxeto de bulra se d'outro xeito viñera atraxado.

Cóidase moitas das veces que as Cencias non se levan miga ben coas Artes por estimar estas que só seguindo os seus vieiros se atopa o ideal, como se naquelas non se alcontrara tamén, inda que o ideal fora materialista: é a loita entre o realismo do progreso material e o adianto das conceicións estéticas.

Martiño con ledá salisiación, nun xesto de alumeado polos adiantos que no manexo dos pincéis notaba, romatadolos estudos, adicouse de cheo á pintura que parecía porrometerlle o conquerimento dun ideal por él endexamais soñado.

Chegaba nun mes de primaveira cando a verdecente aldea escomenza a frorecer e a paisaxe que a cingue bica raios dun sol más quente.

Levado nas ás do Entusiasmo, camiñaría polos vieiros do Arte con tolura namoreira de xoven.

Veiga, a terra onde fora nado, aquel anaco da Terriña pola que sentira a saudade ao atoparse envolveito no ambiente abafante de Madrid, era a escolleita polo pintor para afincalos pés no Arte, tradu-

cindo ao lenzo as belezas infindas da paisaxe, d'aquela paisaxe na que outrora se deliciara sentindo emocións estranas e salvaxes ao dirixil-a ollada por ela despois das horas d'encerro na noxenta escola-cova.

Sin regateare pagou ao condutore o viaxe que o trouxera á aldea, e sin perda de vagar dirixeuse, acucioso, á casa do Tío Matías da Penela.

Moitismas olladas o seguiron deica desaparescer nunha corveira do camiño.

Era Martiño Silva dos que se non esquecen que foron nados na Terra Meiga: era un bo galego; pois en calquer canto que se atopase e se decatara que o entendian, falaba sin vergoña o idioma doce e mimosíño que sua coitada nai ll'escomenzara á lle abitar cando debruzada sobre do berce o arrolaba para que se durmira, cantándolle copras melosiñas que eran como sorrisas de virxe baixadas do ceo, como saloucos dondos, como bágoas tenras ateigadas de bondade, envoltas nos brancos panos de Mimo.

Arromatadol-os estíudos que o alonxaran da aldea, tornaba á ela para cavilar e praneare sobre dun pé fixo a liña á camiñar para conquerir o regañoento Porvir. Un aníño sobre pouco mais ou menos, que acougara na aldea coidába o abondo para lle baxal-a frebe do estudo: porque compre adevertírmos que Martiño foi sempre moi estudoso. Endexamais colleu de boa gana o arado e o raño: degoraba, xadendes que iba á escola, libertarse dos pesados traballois da terra valéndose da sua cabeza, despexada, como dicía o seor Escolante cando o pai ou algún parente lle deperguntaban polos adiantos do pícaro. Pódese dicir que iba camiño de conqueril-o seu anceio; pois facendo pé nesa idea tiña posto moles os miolos á forza de decorare engurruñadas leicións.

Traía ben frescos os conocementos e aporveita-

riase deles denantes que lle arrefriases.

Unha aperta de maus, desas apertas fan dos nosos labregos; tan galegas, pol-a franqueza que empechan, que deixan doentel-as maus que estreitan, facéndonos cavilar si se crebaría algún óso, puxo novamente en contacto ao Tío Matías da Penela e ao xoven estudante de Cencias e Idiomas.

Era o Tío Matías no físico e no caráter un bon exemplar de cepa celta.

Fora íntimo amigo, xa dende neno, do pai de Martiño, que o probe facía anos baixara á cova para axuntarse cos ósos da sua muller e coa terra que á entrabmos e dous servirialles agarimosa de ceo sin estrelas. Por esta razón, se outras non houbera, tiñalle o Tío Matías moito querer a Martiño, imaxe cuspida do seu pai.

Sin outro achego que unha ventada de pedra, sostida traballosoamente pol-o que lle rentaban os bens herdados e o seu esforzo persoal, puido Martiño Silva trocar en realidade a idea tanto tempo arelada: redimirse dos traballos da terra e sere home instruído.

Orfo e sô, atopaba sinxela acollida nun amigo dos que á boca chea podiase dicir era de lei. Para os bôs amigos tiña decote o Tío Matías deschoidal-as portas da sua casa. Nela comprára estare como en casa propia. Todol-os cumprimentos e cortesías habíaos que deixar á porta.

Silva pulira no intre que faltou da aldea a boa crianza que de cativo lle deron, e adequirira un senso razoabre encol da vida, por eso agradeceu moito a boa acollida que lle deron no casal do da Penela e as non poucas atencíós que co el tiveran.

Arrentes dun mes levaba xa comendo e bebendo sin que ren lle custara, cando maxinou facer vida de pousada, coidando era unha càrrega riba da bondade do Tío Matías. .

V

Por matal-o tempo — se non esqueza que temos espírito superficioso, e que os nosos ascendentes praliicaron varias adoraciós —, Martiño iba á miudo pol-o estabreциamento de Rosendo, que era á unha comercio, estanco, café e pousada,

Nunha destas voltas enterouse do prezo da pousada despois que víu a clás de cabáns que tiña. Entramas cousas lle cadraron, ficando axustadas para él as mellores da casa.

Aos poucos días hospedábase con folgura, pero sin migas de luxo nunha das poucas boas pousadas que había na parróquia: na de Rosendo.

Nela atopábase servindo — inda que non tiña necesidade, pois lle non fallaba ren na sua casa de bóns labregos —, a meiguña, a garimosa Eudosia, que xuntamente con Tomasa levaban os traballos da pousada.

Dín que os solteiros son coma o diaño: pero moitas vegadas non quedan atrás os novos casoirados de recén, que non se contentan coa sua media laranxa respeitiva. Velahí porque Rosendo arrentes dos tres anos de casoirado, é pé dunha sospeita que a sua muller acobexa ao notare que non reprende á Tomasiña da maneira que noutrora o facía cando se non lembraba das suas obriganzas como serventa, aparte outras cousiñas que ela se gardaba, según dicía. Coidaba que entre os dous algo se traían nas maus, noustante parecere Tomasiña atoparse namoricada dun pícaro bode que por tel-as perniñas un pouquiño

tôrulas o coñecían mellor que pol-o nome de pía, pol-o alcume de *Carrancholas* cô que o bautizou a aldea e por eso o coñeceremos coel mais que lle pese. Pero dín que o que tén algúz defeito no físico ha de têr algunha prenda boa na intelixenza, acontecéndolle esto mesmo ao Carrancholas que era un cónxita desfeito que lle botaba os contos un rustido ben feito con moito pixel, sal e pimento.

O Carrán amañouse de tal xeito que os seus aloumiños e contos roubaron docemente o curazón de Tomasa, que sómente – esta paréz a verdade – vivía para él, desatendendo un pouco os trafegos da servidume. Esta foi a causa, inda que non a principal, pol-a que o amo apurrado pol-a loba da sua muller, a botara fôra con moi boas razóns – fan boas que coidariáse afirmaban a dúbida –, ao mesmo tempo que a muller facialle ollar, ¡coitadíña!, o perigo en que s'alcontraba de seguir co seu noivo. Tomasa se non defendeu siquera. Deu por toda resposta o silenzo. Fixéronlle a conta, e voltou para a sua casinha brincando tremente de ledicia pol-os días de libertad e felicidade que lle agardaban.

Poucos mais hai que non veñan enguedellados á outros, inda que moitas das veces non se vexa craro a relazón que entre eles existe.

Despois do despido de Tomasa, o patrón, celoso por demais da sua muller, inda que lle non deixaba de choscal-o ollo ás picariñas, resolveu desfacerse da pousada para co este xesto alonxar certos líos, trampulladas e sómas que ali se vián ou s'adiviñaban; pero compre adevertirmos que neles endexamais iba envolto o nome d'Eudosia á que todos coñecian como unha mártire do deber. Asina foi que lle fixo sabere aos hóspedes, con moita política, eso si, a sua determinanza.

Oprimeiro en cumplirlle-o desexo foi o Carrán, ao

que lle non foi traballoso atopar outra pousada, non así á Martiño que lle non cadraba hospedarse á como queira; mais este probrema resolveuno decontado Eudosia ofrecéndolle có consentimento da nai, a sua largacía casa, inda que, ¡Xa é hora!, polos cartos, pois non había razóns d'abondo que polo d'agora o xustificaran d'outro xeito. Martiño acetou o ofrecemento e deixou a pousada de Rosendo. Co él, Eudosia deixcu a servidume.

¡Con canto xúbilo acolleu Eudosia este istante que lle facía saír da inquedanza de que alguén ll-estaba roubando olladas a Martiño, que ela coidaba xa lle pertencia, aló no fondal da sua alma..!

Amábao en segredo, e sofría terriblemente no seu amor.

Un espírito fino acañaría en Eudosia o amor, ed'ela diría que mais que unha mártire del, era unha de tantas vítimas da inxustiza social.

O tempo fuxe, e co-el hiscánse, esquécense ou mürchense as ilusións se á punto non se lles bota a manu para acaricialas.

Eudosia vira percorrer os seus dazaoito anos.

Trouleara e trouleaba nas festas propias da xuventude sin sentir-a forza da pasión, sin que á sua cabeza rubira apiñoadamente o sangue en virtude dun sonómeno estrano para ela, descoñecido e raro, hasta que s'espellou nuns ollos mouros que a alcendían fortemente, quizais como s'alcenden as cereixas ao sentir-o chucu manseliño do Sol.

Atopábase prendada de Martiño cando delo veu á decatarse.

No seu cor cintilaba unha labarada ardente de subrime pasión que lle queimaba o peito.

Arelaba a nobre cobiza, xa nela enraizada, da posesión de Martiño.

Degoirábao, afervoadamente, no seu íntimo.

Á él someteríase coma unha escrava.

A idea, alumeaba como un palluzo decote aceso, os sendeiros melancónicos da Dúbida.

El se non decatou delo mentras estivo na pou-sada de Rosendo, pois nin ela deixou nunca fuxir unha verba pol-a que él puidera maxinar algo, nin él tampouco lle dirixiu parola algunha que levara indicanzas agachadas.

Tamén é certo que os segredos que o curazón da fermosa Eudosia gardaba ninguén os soubo na al-dea; pois só collían no dela, e, tempo andando, serían postos noutro curazón: no de Martiño Silva.

A pasión estima tempo morto o que lle adica á amistade; por eso xurde as mais das vegadas, d'un pulo, nas primeiras coñescenzas da persoa que lle fai sentire o agrilloamento dela.

A pasión que pol-o pintor s'erguiu no peito d'Eudosia loifaba decotío coa prudenza e a dúvida, duas lousas que a amagaban. ¿Onde se cobixaría para calmala, xa que non para matal-a sua ferbente pasión se él a desbotaba estimándoa como tola? Quizais no fondal do mare. Tiña forza d'abondo para facelo.

Levada da mau da confianza estreveriase, se falla fixera, á declararalle á Martiño a sua pasión. Ben sabía ela que, nese piquer, tiña crebal-a noxenta cazlla da costume. Non s'arredaba por eso. Escacharía chea de xenreira nos fuciños do mundo o vaso que contiña os prexuizos e convencionalismos sociás que lle impedian ser libre, e que tanto a facían sofrir e chorar. ¿Por qué me non deu o mundo tamén, dicíase, xunto cos seus fedentos prexuizos e leises, leises d'herenza que foran co-eles collidas da mau?

Era moito tempo o que xa levaba loitando c'unha situazón que cada día que pasaba sobre ela, se lle facía mais insostible. Cada unha d'aquelhas noites

en que non durmía lemento, era un coitelo que lle fendía o peito facéndolle rubil-a febre. Racharía radiosa, toda esa situazón; deixaría que a pasión asobedara, estoupara, e morrería ou viviría no meio dos seus brancos e roxos resprandores. O tempo era chegado; porque, ¿se á Martiño lle dera a inada de voltar ao pobo?

A ceguiña pasión que por él tiña lle non collía no seu feitiquiño curazón; percisaba outro onde se pudera agarimar e salvare ao mesmo tempo, pero decontado, axiña.

Primeiro con melosiñas insinuazons; logo con entreidós e chusquiños contos que aromataban vindo ao caso, obedecendo ac pran que ela, inteli-xente, maxinara; mais tarde os tenros aloumiños, que botan de menos as mozas dos pobos. Botaria mau á canto lle fixera falla para prasimal-a ideia na realidade. ¿Non acadaría froito, tendo nas maus as chaves prateadas da Confianza e do agradecemento? Martiño tiña por forza que estare agradecido á boa acollida que lle dera dendes que o botaran da pousada. Por parte, Martiño non tiña caraíter de túzaro. Quizaves tivera algo de soberbo; mais, seríao tanto que chegara a darlle un desprezo? Esta sô idea faciña tremar; empriso non s'estimaba vendida: probaría.

Martiño Silva atopouse cuasque de boas á primeiras, diante un caso non moi vulgar na aldeia que inda que non é xeral, tampouco pode estimarse como raro; pois ousérvase inda que non sea moi á miudo. En Veiga terá a sua mais xenuína representanza, a encarnazón mais chea de vida, na nosa Eudosíña, que quixo ca mesma intensidade – inda que d'outro xeito –, con que Xulieta quixo á Romeo, espellándose nas paisaxes mornas e dormentes da itálica nazón.

Silva, un algo psicológo, lia no pensamento d'ela, traduciao e seguia todal-as suas evolucions.

VI

Na pequerrecha congostra que baixa ao embarcadero de Fornelos na xa notada ría d'Ortigueira, sostianacesa parola á xuntiña da noite, o outre do tío Farruco cos seus trinta e lantos ao lombo, que tén xusta fama de home cativo; pois mais cazoleiro, nen mais mā lingue e marmulador se non atopa na aldeia, co xa canso petrucio Bras-d'Amoeiro.

- ¡Pero home, qué me dis! ¡Ela, tan feituquiña e tan paroleira qu'estimo ela só pra soster unha conversa, inda que sexa con media ducia de mozos á ves, sen deixarse dar volta...!

- ¡Pois xa ve tío Bras! Con ter tan boas prendas, e inda mais, ter nome de suíña bulradora, a xente xa rosma qu'está engaiolada por...

- ¿Por quén, Farruco?
- ¿E vostede n'o sabe?
- ¡Maldito canto...! ¡Desaúnome co que ti me dis!
- Pois... pol-o estudante.
- ¡Por quén! ¡Por Martiño Silva!
- Pol-o mesmo.
- ¡Qué me dis!
- O que lle conto.
- ¡Déixasme coa boca aberta! ¡Abofellas!
- ¡Hai, pois, tén tempo á pechala...! ¿E logo se soubera o que di a Tía Chenta?
- ¿E que di?
- Pois chegou a decir, ela, que como vostede sabe moi ben xa veu a *Compañía* e non poucas

Simuldanzas, que ao vela fan melancónica coidaba cuase imposible que lle non botara o mal de ollo outra picara que lle tén en vexxa.

- ¿E lle non demandache quéén era esa mā meiga, esa antaruxá merecente do inferno?

- Preguntei, Tío Bras; pro ela non di por ren do mundo como lle chaman. ¡Elle moi laberca!

- ¡Xa vexo! E ti, ¿qué dis a todo eso?

- Pois eu diríalle á vostede - que ben me coñece, e que sabe d'abondo que creo n-esas aparicions, inda que d'elas se bulren os mocíños d'hoxe, que teñen vergoña d'ir á escola de noite -, que non chega, emporiso, a miña chencha de pedra á comprender que os ollos das persoas se metan á facer cousa mā ás pícaras. Pra min que Eudosia... - esto falando entra nós -, xa m'entende, Tío Bras... está enfeitizada por ese home que acaba de chegar do meio d'España, de Madri.

- Quizaves teñas ti razón. Eses homes ven moitas cousas nos pobos, e aprenden moitas mañas para engaiol-as pícaras, e pode ser que Martiño - qu'está feito todo un real mozo e din que é moi leído -, tivéberaa namorado; porque a ela n'ai mais que lle pedire, pois en falando d'Eudosia fica dito que é traballadora, que é moi adivirtida nas festas, sen fallare á ninguén, e que é fermosa... ben se pode tamén decirse sen pelos na lingua.

- Sí; pro...

- Ti sempre o mesmo. ¿Seica desconfías. .?

- ¡Hum... ¡Non sei que lle diga! Dálleme mā espiña.

- ¡Non; non tanto! ¡Boeno! Vóucheme, Farruco, que che m'está o gando n-espera d'esta gablea d'herba.

- Que lle vaia ben Tío Bras.

- Hastra logo, si.

VII

Unha noite en que sua nai deitárase cedo por non atoparse boa, asegún dixo, Eudosia, arrecendendo a fror de vida, maxinaba, resolta, lle dare á entender á Martiño o seu querere; a pasión que no seu afervoado curazón loitaba por vivire ou morrer, dándolle a vida ou a morte. A falla do trunfo arelaría a morte. Mais non faría falla chegare á ese cabio; pois xa el degoraba trocal-a situazón d'ela.

As olladas dóces, tenras e vagaceiras que decote lle dirixía tiñan aquela noite afincada unha tristura melancólica como a que sentimos no desperezamento de certos sonos. Todo parolaba n-ela mais craro e comprensible que as mesmas materiás verbas.

Unha *causalidade* quixo que él lle pedira de favor lle pegara un botón da chaqueta. A casualidade xuntábase cos proyeitos d'ela como se fora chaimada pra presentarse na hora oportuna. Gozosa, se non mostrou remolona en cumprirlle o desexo, pro si, un anaco en darlle romate. Duas vegadas se lle desfiou a agulla, que non atinaba logo á enfiar.

Entramentres, el, coa chaqueta posta - pois lle non deixara ela que a guindara d'enriba do lombo - , xogaba cos ollos sobre da roiba cabeleira lasa, fina e sedosa, e ben arranxada d'Eudosia. Ela decatouse, e perguntoulle;

- Seica che levan a vida?

- Non tanto, nena.

Pois sabe que todos poden chegar á ser teus. ¿Non?, coma o pudo cbegar á ser eu, inda qu'é un pouquiño difficile.

El fixose o desentedido, mais pillando as tesouras díxolle.

- Vouche segar un pé de cabelos.

E acompañou o xesto. Ela se non astreveu, ou non quixo decir *esta boca é miña*.

Entónceas el, surrindose, segou, e xa co-elas na mau, díolle:

- ¿Qués poñerlle á este pé de cabelos unha amarralla de seda?

- Sí, dixo ela, apampada e tremendo.

Xa amarrados, entregoullos, non sen demandarille con laimoso retrouso:

- ¿E pra que os queres?

- Pois pra gardar coma unha lembranza tua Levareinos de cote comigo, agachados nun peto do chaleque.

- ¡Coido que non van á ter esa estima que dis!

- Xa o verás

- Cólleme dúbida.

Deu por arromatado o seu traballo, e recolleu a caixa da costura.

El axustouse á lle dal-as gracias por todo.

- Xa sabes que me non tés que agradecer ren. Todo canto queiras, anque ti coides é imposibre, mandas e nin ren mais.

- ¿Ti sabes ben o que dixeches Eudosia?

- Sí, seino d'abondo.

E un suspiro armoñoso saiu do seu peito, á ves que instintivamente, sen decatarse, escramaba: ¡Martíño!

- ¡Eudosia! ¡Cánto cambeache no teu xeito de sere, á pouco de coñecerte! ¡Pareces outra!

- Sí; pois coido son a mesma.

- Non eres, non. O teu espíritu está desacougado, refrexándose na tua face, que, asegún din, é o espeíllo da y-alma... ¿Qué tés; qué che pasa?

E colléndolle a mau direita, cinguíulle coa siniestra o falle e atróuxoa contra si.

Ela debruzou mainamente, docemente, no peito d'el e dixo:

- Sofro moito, Martiño. ¿Non o adiviñache xa en min.

- Ama, quizaves, o teu curazón?

- ¡Hai...!

- ¿Si? ¿A quén, di?

- ¡A quén me despreza, quizais!

- ¿Sabes de fixo que te despreza?

- Non; pro supóñomo cando tanto me fai sofrir.

- ¿Seréi eu, quizaves, a causa do teu sofrimento?

- Si, dixo ela resolta.

- Pois acouga, miña rula; está tranquía qu'eu non te farei sofrir mais.

- ¡Hai...! Logo, ¿quêsmo?

- Si, Eudosíña, si.

- ¡Cánto me fixeche sofrir! Bê é que ao cabo te decatache delo.

- Certo e; pro tamén eu sinto o rebuldar do corazón dentro do peito. Tamén eu te quero. ¿Non quês ti sel-a miña compañeira?

- ¡Inda me perguntas! A tua escrava, inda que sexa. ¡Sí!

- ¡Cánta ledicia! Endexamais tanta tiven nos poucos días da miña vida. ¡Seréi feliz!

- ¡Tal che desexo!

- Amén.

Logo el tocoulle cos seus finos dedos no queixo, á vez que ela lle dicía:

- Vouche á dal-a pirmeira proba do moito que te quero.

E botándolle as maus ao pescozo, puxo entrementes nas forradas meixelas de Martiño un chuchío de paxariño.

Silva correspondeu con outro bico prolongado e

quente que foi a enxugal-os beizos trementes e fresquinhos de pasión da que el tomaba como sua noivã.

Unha forte apería puxo romate á esta sinxela e feiticeira escea aldeán, que non polo rara deixa de sere menos certa.

- Hasta mañán, dixo Martiño deschoindo a porta do seu cabán.

- Que pases boa noite, meu curazón, contestóu ela, radiosa, cos ollos briladores.

VII

Despois da cea, nas soinbrizas e mouras noites da crúa invernía, a nai da nosa Eudosia, a Tía Dominga, mais coñecida pol-a *Curruga*, porque cantaba ledamente todo o día e á mais tiña bon cor para os veciños probes do lugar, poñía ao lume o café. Ninguén lle poñía o pé diante en facelo ó punto, lle dando un charume e un laimo ricos porque sí.

Entramentel-o fume e o bafo rubian xogando pol-a cheminea lamendo a camalleira, resoaba na estreita cocíña algunha cantiga arxentina, que Eudosíña adeprendera do seu pai, qu'estivera en terras americanás traballando decote, e que, xa canso, facía poucos ancs voltara á Terriña pra folgare unha migá cos aforros feitos á forza de pasar fame e suar bágoas. Voltara feito todo un arxentino. Hasta trouxera un xipe-xapé pra carraiterizarse mellor, cô que tiña moita fachenda. Dendel-a sua morte, atopábase engurruñado, agachado nun curruncho da cocíña.

A voz d'Eudosia, crara, limpa e harmoñosa, tremendo no espazo calivo da cocíña, tiña a dozura melodiosa dun sinsonte americán: daba xenio ouíla.

Outras vegadas era Martiño o que entretía á familia con socedidos de pobos, que lles cadraban moito, ou con contos dos que elas dicían que eran guapos.

Tamén interviña nesñas conversas a Tía Dominga que tiña direito com'as demais a parolar, asegún ela decía, falando da *Santa Compañía*, das meigas que había na parróquea, das consultas feitas ao bruxo que había en *San Roque do Camiño*, das ánemas en pena que iban a *San Andrés de Teixido*, dos meigallos, das naipes... con moiísmo respeuto. Pro sobre todo, do que falaba cunha venerázón moi chegada á relixiosidade, era da *Peregrina*. Moito olló con que adevertiña nos que a escoitaban pouco respeuto; porque entoncés, maldicións caían enriba del. Abondaballe ollar axexar unha surrisa por riba dos beizos, ou poñer algúns roparos ao que dicía dela, pra despechal-a caixa dos tronos e das centellas por un bon anaco de tempo. Estoncés non había outro remedio senón ouir e calar como peiros, pra non quedare coa cachola moi quente.

Eudosíña escoitabaa, non sómente como filla, senón como crénte en tales cousas, metidas na cana do pobo galego aldeán, supersticioso e rústico.

Martíño, como rapaz d'algunha sabencia poñía as primeiras veces algúns roparos e abría moitos paréntesis, pro logo a força do costume, que lle abitaba non acadaría ren co seu proceder, levouno á calar, e hasta á falar cal si estivera creido de semellantes apariéñons.

Na terra dos lubricáns, dixéralle un día rabenta a Tía Dominga, había que ouvear como eles. E el tiña que se sometere á este refrán de noxenta hipocresía; porque d'outro xeito o caráter, levadeiro, da Curruca alritábase mais da conta.

Tamén tiña en conta cando lle iba á fuxir algunha surrisa, a choscadura de ollo que a avisada d'Eudosíña lle facía cando lle non chiscaba co seu peño de raiña, ispido, que denantes sacaba das suas zoquinas lampas, pro feituquiñas e fregadas.

Poñía o café na mesa a Tía Dominga. Cada quén pudía botal-o sucre que quixera.

O mesmo á Eudosia que á nai gustaballes a charumenta bebida carregada de zucré, non así a Martiño, que só a tomaba coa proba del, o que daba motivo á qu'entramas, moi suiñamente, eso sí, se bulraran chuscamenie del, e hasta houbo ocasión — xa había confianza —, en que lle chegaron a decir que con vñ tan afeito do pobo e todo, non sabía tomare ben o café, posto que o empinaba pouco mais que con pizca de sucre, que tiña por forza que sabere como a fél, mentras que tomándo-o como elas o tomaban era moi rico, esborrexendo que daba xenio pol-a gorxa embaixo. Tamén lle poñían ropa-ros, sobre todo a nai, porque mentras elas o botaban en dous ou tres pulos, inda que lles pelara a lingoa, e dempois de lle soprar como era adoito, á el lle levaba, coma elas dicían, unha hora pol-o reló. Se a nai tiña presa, achegábase pra recolle-la cunca, e se non aromatara, qu'era as más das vegadas, botáballe, inda que non enoxada, un ¡Ben-o pode pode levar Xudas tomando café! ¡Abofellás! ou ¡Chesú, qué home éste! ¡Nunca outro viro os meus ollos de terra, que tanto tempo levara tomar esas catro pingotas! ¡Lev'o demo...!, ou deixaba acesa unha surrisa tenra e misteriosa, que resprandecía coma unha ollada de virxe aluméando o xa murcho carmín da sua faciana un pouquiño engurruñada pol-os traballo-s dos coarenta anos que por riba d'ela pasaran, deixando no seu curazón inda xoven, marguranzas, loitos e cinzas. N-el se trababa unha vez mais na sua vida unha loita ferroña.

IX

Daba as boqueadas o mes de febreiro.

Na moura cociña aldeián xa se alcontraba aceso o lume. As fabarolas e os *grabieles* e chícharos repetouteaban nos pucheiros e cazolos. Entramente, o asmático gato roncaba a carón da lareira, e o bafo, morniño, rubía calado pol-a aberta chemineia chamusando a garamalleira. A nai da nosa Eudosia, a pirmeira nos iraballois da terra, á que naide se lle ponía diante cando ela collía o raño, sopraba o lume de cando en ves con todos seus folgos, que n'eran poucos. Tampouco esqueciase de limpal-as buxías, si se achaban tupidas, da lus de carburo; de rascare ben as culleres de alumño con xabón, estropaxo é aréa, e de que as cuncas de louza — as culleres de buxo e as cuncas de barro achánse no desterro —, estiveran de tal xeito limpas que se poidera un espeíllar nelas. Ali estaban á decorrer no vertedeiro. Na casa de labranza non se coñece a folguecha: sempre hai trafego: a da Tía Dominga éra-a, e hasta se pode engadir, lle facendo as beiras á verdade, que facía unha temporadiña viña traballando mais da conta... Aquela noite sen lúa, puxo á presa a cea, coa cantarela d'outras veces: quererse deitar. Así o fixo desque ceou.

Eudosia abría o postigo, logo a porta. Saíu. Martiño seguiuna.

Fóra, o orballo caía sobre da terra, bretemoso e verdecente como ao máxico conxuró dunha Fada. No ceo, borralento, nin unha estrela centilea: durmen. Fenden o ár no silenzo da noite dormente, os ouvéos do can de palleiro; o canto agoireiro da curuxa no piñeiral, e o rebulir dos paxaros nas sebes. No alboyo da casa, por asentos molime e carqueixas, sen lembrarse das horas que fuxen no tempo, moi arrechegadiños parolan os noivos...

¡Quién puidera notal-o que maxinan para amos-trárense o que querent! ¡Quén puidera pillar unha

areíña tan sô, da sua... conversa entretida e quente:
azul coma un doce feitizo; branca coma unha Aurora
d'Amor abalándose manseliñamente no colo da ilusión;
rosiña coma un conto dito pol-os albres de mel
de un neníño!

¡Maxinémolo...!

Xa diran as dez no reló do pazo-escôla da aldeia,
posto en pé pol-os emigrados, no que empregaron
os seus quince mil pesos, eisí como sona. Dentro de
unha hora, mais ou menos, a últema aperta e o de-
rradeiro chuchío, selarían as esceas amorosas do día.
O Destino impoñíase no seu canto. Era hora de se
deitar.

X

Non tardóu a Tía Dominga en se decatar de que a
amistá de Martiño e da sua filla trocárase n-outra
cousa ben diferente, fora Amor ou fora Pasión, para
o caso era o mesmo.

A luita escomenzaba facía tempo no seu peito,
renovábbase mais forte ao ter sabencia das novas re-
laciós dos rapaces. O seu cor latexaba inquedo
c'unha violenza de tolo.

Boa moza e non fea, ollaba tristeira fuxil-o tempo
sen que a pasión que tamén a roía fora satisfeita. As
suas carnes boas e duras; os seus seos novamente
ereutos, no lenguaxe misterioso das cousas e dos
seres, cobizaban unhas maus fenras que por eles
deixaran esbarar mainamente soaves caricias.

¡Tamén ela tiña unha histórica amorosa acugulada
de desventuranzas e sofrimentos!

Os ollos de Martiño que se asemellaban moito aos
do seu primeiro noivo, que fixera tremal-as suas car-

nes vivas e virxinaes, e que xa se atopaba revolto entre as cinzas mortas do Olvido, despertaran n-ela a pasión. Os ollos de Martiño a tiñan embruxada.

O sangue ardente que pol-as edras do corpo lle corria, a pasión arroutada que como unha inade a levaba quen sabe á onde, facíantle cobixar esprazas e cobizas vanas. ¡Qué sonos de groria aqueles en que ela arelaba ollarse cinguida de Felicidade no leito pracenteiro! ¡Cóma se bulraban d'ela ao atoparse á crás n-unha realidade baleira coma unha zoeha!

A Herenza achantaba mais no seu corazón a espiña dôrosa d'unha pasión insatisfeita, que nen siquera tiña probabilidade de trocalá en realidade.

Nel puxera seus ollos, d'ensoño un tempo, coma o infindo azúes.

O temperamento arrastrába-a sen cremencia. Debecía soibel-o vaso da illusión. Mais ¿cómo? ¿Non podía resultar, en troques, que ao fencioar sorbeio s'escachara aos pés da Realidade, couciando todol-os cucos encantos que nel tiña pechos? ¿E daquela? ¡Chamaría a Traxedia pra que lle botara as sanguinrentas gadoupas, estendendo sóbor do ceo cincento da realidade o pano d'outra realidade moura, chea de marguradas tristuras, plea de salaios de morte que chegaran á cimal-a sua obra, a da Herenza, ao esnaquizarse contra os cons da ribeira!

Se non layaba, non se queixaba; unha lacra roialle o peito.

Un cadro da dôr desfiañábbase nun curruncho da enmeigada aldeia. N-el podíanse ollar esceas de pasión, de Amor e de deber, desenrolándose en curazóns e celebros, loitando entre si e revoltas, azougadas e furentes coas leises d'Herenza que fan poucas vegadas se teñen en conta pra xusgar e comprehendere a verdade de moitas traxedias humáns.

¿Qué correira seguiría, maxinaba, pra poñerse
diante a pasión d'Eudosia e do amor sentimental de
Martiño Silva?

Non tén o mare tantos misterios coma os que se
agachan no curazón humán.

O curazón e o celebro xuntábanse, balianse, tra-
bábanse coma dous lubricáns famentos de trunfo;
luitaban por afogal-a sua vida nos mares sen fondal
da dúbida, da desilusión, da vinganza inxusta, da
desesperanza, do desprezo, da morte,... Todal-as
ardencias do sangue, todol-os poros do seu corpo
quente suaban febre. O íntimo esvazciase por tem-
pos, e a loita coídaríase chegaba ao cumé. ¿Quén
trunfaría? Ela non tiña de mentes; pro cavilaba que a
morte tamén é un trunfo que se outén sobre da
vida.

E un día que o pillou só, díxolle chea de congoxa
e tremendo como unha vara verde, como unha nena,
e moi alcendida e aparvada:

- ¡Martiño! Eu ben sei, anque desimuledes, que tí
e mail-a miña filla estades namorados. Non vos digo
ren por eso, que é, por parte, moi natural; sodes
xóvenes. Pro ben, Martiño, por riba de todo che digo
que queiras moito á miña neniña pro decátate tamén
de qu'eu sinto por ti unha pasión que me consome;
que me roe o peito decote. Unha das pirmeiras veces
que te ollei, anubóuseme a vista. Non sei se foi cou-
sa do démo, só sei, sen poderme espripiar, que den-
d'aquil día sinto algo dentro de míñ que xa non o
poido desbotar; non sei o que é; pro sinto que m'es-
cacha o peito, e ás vegadas me non poido conter e
asobedo á chanxer coma unha picara. Se non des-
fogo deste xeito, me sinto estoupar, rúbeseme o
sangue á cabeza e fico esvaída sen que sexa dona de
mín pra podelo remediar.

— ¡Tía Dominga!, o que me acaba de decir é pra mí unha revelazón da que me non decataba. Endé-xamais maxinéi...

— Xa. Ben mo feguraba. Non podía gardar por mais tempo este meu segredo e aporveitei esta ocasión das poucas que teño, pra cho decir todo, inda que me xusgues coma che pareza, anque me chames... o que queiras ¡tanto tén!, do mundo endexamais fixen caso; pois do contrario ¡quén sabe ond'eu m'atoparía á estas horas! Quizaves ben comesta das porcas cucarachas. Caín na loita comigo mesma. Non entendo moito destas cousas; pro chégame saber que tí fuchel-a pedra imán que caíu nesta casa para arrastrarnos misieriosamente contra tí Nela coido esliveche decote mellor que un fillo, e quizaves, no que é a aldeia, tan ben como na tua casa.

— Ben o sei, e delo estou agradecido.

— Non o sei.

— Si, estou.

Entrambos calaron; no canto da conversa interpúxose o Silenco: Fitáronse un instante. Logo Martiño picando o fio da conversa sostida hasfra entoncias, demandoulle:

— ¿Vostede quérllle moito á sua filla, Tía Dominga?

— Moito, moito. Sempre foi a mais mimada, a qu'endexamais se soparou da miña veira: a filla que mais quixen... e quero.

— ¿E vereime obrigado á traicioala? ¿Podréi poñer meus ollos n-outros ollos, e os meus beizos xogar con outros beizos que non sexan os dela? E, ¿trai-ciará vostede o amor do seu amor?

Ela non dixo ren, mordendo só istintivamente o labre d'abaixo. Na sua faciana apareceu a imaxe da desesperanza; da sua mau viña a congoxa.

Xa parolaremos desas cousas, Tía Dominga, outro día que teña más vagar, dixo el, pra safarse de

aquela conversa. E sen dar ouidos ao sentimento, nun xesto baril, dixo: Hasta logo.

- ¿Virás cedo?

- Non o sei. Quizaves tarde un anaco bon.

- Qué che vaia ben, dixo ela chea de marginanza e enxugando as bágoas fervendo que llésvaban pol-as meixelas acesas. Agachóu a facia na cunca das mous, e sentándose acarón choróu e salaiou un bo anaco de tempo. Nas bágoas podía espellarse o seu corazón... e recoñecerse; non eran bágoas finxidas, hipócritas.

XI

Dende a declaración feita a Marfiño, o caraiter da Curruga tivo un cambeo coma nunca outro tivera á maneira. Nas verbas que dend'estoncias lle dirixia deixaba ir o seu curazón con todo o acedume da dôr; levaba pecha unha dôce melanconía pasaxeira, cal a que deben sentir-as volvoretas que cos seus leviáns esforzos se desfán ao intentare arreimpuxal-os vidros que lle impiden apertarse coa vida e coa liberdade que teñen diante os seus ollos.

Eudosia decatouse axiña do cambeo da sua nai, e ate chegou a maxinar...

Os dous corazons s'espellarón dentro de si, e un no outro; estudiáronse, e recoñeceron só a superficie.

Endexamais concedeu Silva o mais levián desejo á Tia Dominga. Tampouco dou ouidos á compreta satisfacción da pasión d'Eudosia. O seu amor sentimental, un pouquíchiño romántico, achábase irto cara a pasión da nai e da filla; mellor dito, facéndolle frente á herenza que tan sen compasión asoballaba dous seres pra facelos camiñar pol-os vieiros do desprezo que o mundo tén pra os que viven aprei-

xoados pol-a Fatalidade. Aniñábase o seu amor, arrechegadiño ao debere. Este abitáballe un sendeiro; a gratitudé habiáballe outro; a pasión, ergueita, habitáballe dous. ¿Por cal camiñaría...? ¿Pol-os dous? Unha triple traxedia. ¿Por ningún? Outra triple traxedia, quizaves, tamén.

Eudosia contáballe ao seu noivo, cando a ocasión o aconsellaba, os relatos tristeiros das desventuranzas da sua nai, e as penas e as desventuranzas suas, habitándolle no ceo a estrela cintilante coa que tiña nado. El consolábaa con aloumiños e verbas.

A pasión sentida pol-o home era tan fonda, engraizárase tanto n-ela, que nada sería d'abondo forte pra pillarlle unha areiña siquera do seu querere por Martiño; posto que Eudosia era d'esas picariñas fideles, inda que sexa á pasión, hastria o sacrificio. Todol-os sentimentos; as suas maneiras d'obrare; os seus xestos, escravos eran que a escravizaban; das fontes de Herenza sô viña a auga da escravitude.

Un espirto volandeiro se non espicaría o xeito de sere de Eudosia, brincando trunfante – ao seu xeito –, encol dos prexuicios sociás na búsqueda do seu ideal de carne latexante; pro Martiño tiña algunha sabencia da infuencia que as leises da herenza teñen nas persoas e lle non estranaba o sometemento da sua noiva ás ditas leises.

Axuntándose n-unha as circunstancias de parare na cas da noiva, e atoparse algo folgado, tiña moitas ocasións de vela; parolaba co-ela á miudo.

Nas serans dos días de festa facialle compañía nos paseos solitarios á beiramar, que ela propoñía. Alonxábanse e alonxábanse pol-a ribeira.

A ela lle non cadraba miga a tranquilidá e manseza do mare; por eso se alonxaba e alonxaba ate ollalo rabento escacharse nas furnas e baticarse nos cons

con estrondo de desesperación. N-el vía sempre o espello do seu curazón afervoado, queimándose nas ardentías d'unha pasión insatisfita que crudelmente lle rachaba as entradas.

Martiño tiña hacia Eudosia un amor ideal, sereo, melancónico, que se opoñía á pasión roxa, carnal, da noiva, amábaa, pro a razón, fría, berraballe pra que non deixara caer sobre d'ela un lixo de inomiña.

Xogan e brincan coma dous nenos; cachean as sebes na búsqueda de amouras e ás veces ela guinda croios ao mare. ¿Querrá ferilo?

Cánsanse e xúntanse. Parola e xoga, churrusqueiro, mimosiño o amor, nen migas más que o amor..., hastra que á xuntiña da noite voltan para o casal por sere hora de se recoller.

As ardentías da pasión loitan decote por someter ao amor: pro non chegan a pillar ren.

Martiño, a mais da prudenza que o guiaba, se non esquecía do recoñecemento que debía ter hacia entrabbas pol-a boa acollida que lle deran. Pero, ¿non debía famén abaterse, percisamente por estar reconocido? ¿Nón eran as duas d'el? Certo é, mais, ¿poderian aparecel-as duas rendidas ao seu pé? ¿Sería xusto; non sería crudel que a nai e a filla se declararan abertamente unha loita á morte, da que quizais sobrevira unha soperación de terribres secuencias?

O pintor quería á sua noiva con todal-as ánsias do íntimo, mai-lo deber imponfiase, razoador e tranquío, encol do mare revoltó dos líos das pasions. Emporiso non deixaba de corresponder coas suas caricias ao encanto do seu curazón.

XII

Xa levaba él preto dun ano na aldeia, na que por

certo non fixera tantos cadros como tiña de mentes; pro algúns tiña feito, e aproveitando a celebranza da Esposición de cadros rexionaes, que tiña asento en Sant-lago, revolseu leval-os seus, sen decatarse que a sua ida traguería tráxicas secuenzas.

Alongouse mais da conta a sua volta e xurdeu a sospeita de se non voltaría. Eudosíña decote cavilosa non soperaba endexamila-a imaxe do noivo de diante os ollos, azúes como o Infindo, que s'esperaran un día de relembranzas de glorias n-outras ollos que para ela foran un feitizo embruxador; un meigallo fói o que aquel home lle botou. ¿Quén é d'abondo pra lle arrincare este pensamento da cabeza?

Unha frebe escomenzou á consumila-a. As forzas ibánlle á menos. As espranzas areladas n-estaban satisfeitas. Ficaría nun tráxico fin.

A morte agachada tras da vida que ela tanto arellara, inda que só fora por coroal-a sua pasión, lle tivo envexa, e levouna en poucos días con todo o que tiña herdado, a pasión, a fermosura... As mouras poutas da vella sen dentes, craváronse, frias, no corpiñc da noiva; as sanguínenas gadoupas espétáronse n-ela rachándoa por todas bandas, á ela que xa vivira encadeada e malferida, decote rabuñada pol-os bermes da herenza.

Avisado él da doença que tiña no leito á Eudosia, e do perigo en que se atopaba, voltou coa presa que puido para a feiticeira aldeia, pra se non debandar do pé da coitada. Catro días estivo cuasque sen pegar ollo: foron os derradeiros que á ela lle correu á vida pol-as veas ferventes.

Xuntamente coas leises d'herenza rescibira á par da vida a pasión arroutada e nobre pol-o home que seu curazón lle habitara sería o dono d'el, tan bô, tan garimoso, tan sensibre. Por eso quixo coa mes-

ma forza que as subrimes mulleres de que garda
mamoria a Historia. E tamén recibiu o xermen da
morte que fan axiña a levaría de antr'os vivos, coas-
que de súpeto, coma unha inada da morte, como o
furacán que se non detén á miral-as froliñas que
guinda asoballadas pol-o chau. Unha doença
segreda cabouna, treidoramente, pasiño á paso,
lenemente, tronchando duas vidas, e quizais, un non
lonxano lar ridente e feliz. ¿Naceran un para o outro?

Alonxado do barullo do pobo, atopaba Martiño
unha muller en nada semellante as demás. ¿Quen o
quixo mais que Eudosia? ¿Qué muller atopara el no
mundo de mellor corazón? Nun curruncho da aldea
viña á sere feliz. Quizaves nunca mais no rodare
tolo do mundo voltaría á sel-o: pois coidaba lle
sería pouco menos que imposible atopar outra que
se lle asomellara.

Na caída rexia, abafante, decote trabada antre os
tres, xa un cairá. Eudosia. ¿Trunfante? ¿vencida?
O trunfo abalábase ergueito e melancónico, no ár.
Si Eudosía non morrera fan axiña certamente que
un d'eles apañaría os farrapos da vitoria; mais ben,
trunfarían todos: o amor, a pasión, e o deber, un
deber novo, que a necesidade impoñía, e que viña a
libertar a razón do mouro caixón moral.

XIII

O mesmo día do entierro, á caída da serán, borra-
llenta e preñada de brétemas, a Tía Dominga lle
lembraiña a Martiño todo o seu pasado, principalmente
a loita doente sostida á cotío consigo mesma,
coa sua filla, co-el, co mundo, con todo, pra con-
querire o que tanto arelaba: unha areiña d'amor,
d'aquel espello do primeiro que tivera.

El ouíuna serio, pro' con atención. Ela recordoulle unha vegada mais a laera sangrante, a pasión que por el tiña, vertendo en todal-as verbas tristura e melancolia. Moita forza lle fixo falla a Martiño pra sosterse n'esta derradeira pelea que trababa co seu mesmo curazón e hasha co istinto de pracer que o axudaba á debruzarse, a se entregare. Pro resistiu. Atopábase circio, resolto a trunfar, e con verbas d'unha próxima espranza cumplida deixou á Tia Dominga agarimando aquela noite, na que xa se deitou sen cea, os lósíregos da pasión que iluminaban xa preto de sí, a aperta cercá da ilusión coa realidade.

Axiña se desfiañaría pra lle facer vivire na trágica realidade do desvio eterno de Martiño. A moura realidade poñeríase no canto da espranza.

Aquela mesma noite saiu da aldeia, levando por compañeira a melancolia que lle acababa coas forzas, e a lembranza tristeira da morte da que quizaves nun día mui pronto chegaria a ser a sua dona.

Martiño víu na faciana da noiva no intre que se lle iban os folgos derradeiros, a esfinxe. Iste abonou o terreno xa preparado para as suas doenzas do corpo e espírito. El, que xa era sentimental, que o seu curazón se afixera na loita sanguinenta pol-o propio esforzo persoal dende unha *morrenda*; el, canso de loitar, anque xoven, co mundo tréidor que non vé con bos ollos os trunfos alleos, un pouquiño romántico tamén — tamén n'este século materialista inda queda rezagado algúin —, vencido pol-o trunfo da morte sobre do anaco do seu corazón, Eudosia; esnaquizado pol-os sofrimentos materiais que o levarian decontado á cova pol-a que xa salaiaba; aldraxado e servindo de bulra pol-o seu espírito loitador contra as ferreñas gadoupas do golpe supersticioso; espírito amplio de libertade, collido da

mau da razón, mais non da verdade convencional; el, tamén desfianada a sua vida, saíndolle o sangue pol-o corpo e o espírito, só viviría coa lembranza tristeira d'unha felicidade arrincada sen tere para nada en conta que era a sua, quizaves, a única, que por fortuna atopara no teleiro a dare voltas d'este cativo planeta.

Vagou e vagou de día e de noite, sen rumbo fixo dun canto pra outro por alonxados paraxes, lonxe do barullo do mundo.

Nun destos días atopou un xornal, no que liu: «Preto do Cabo Ortegal, nas praias de Teixido, apareceu o cadavre dunha muller coma de coarenta anos cō corpo concupido, maormente a crouca, sen dúbia ao sere levada pol-as ondas á se bater nos cons cercás á ribeira».

Unha cras de xiada, neve e vendaval se atopou o cadavre de Martiño, encollidinal-as pernas co frío, no medio da neve.

Os farrapiños da felepa iban caindo sobre d'el cubrindo. Pol-a meixela dereita baixaba dende a sen, un fio de sangue xa callado. A sua faciana surria cal se quixera amostrar aos que o viran, o trunfo outido sobre da mesma vida, e a ledicia con que daba o derradeiro salao pra xuntarse na cova coa sua feiticeira meniña, como o deixaba disposición nun papel que logo o xues lle atopou nun peto do chaleque.

Rafael Fernández Casas.

Terra de Orligueira, no mes de Xaneiro do 1927.

AUGAS MINERO-MEDICINAES
BICARBONATADO - SÓDICAS
DE
MONDARIZ
FONTES DE GÁNDARA E TRONCOSO
AS MAIS ALCALINAS DE HESPAÑA
PROPIEDADE DOS
FILLOS DE PEINADOR

Llea vostede o boletín mensual da
Cultura Galega

— **NÓS** —
que aparece con toda regularidade o
15 de cada mes.

Suscripción a 12 números 6 pesetas
número solto 1 peseta

ADEMINISTRACION E IMPRENTA
Real, 36 1.^o — (A Cruña)



REAL ACADEMIA
GALEGA

F 15785